



GRUPO MUNICIPAL  
POBRA DO CARAMIÑAL



CONCELLO DA  
POBRA DO CARAMIÑAL

17 ABR. 2017

Entrada nº: 1682

Saída nº: .....

M<sup>a</sup> Cristina Andrade González, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-AA neste Concello, presenta, para inclusión e debate na vindeira sesión plenaria, a seguinte **MOCIÓN sobre a conmemoración do Día das Letras Galegas**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este ano cúmprense 54 desde que o 20 de marzo de 1963 se presentara na Real Academia Galega a proposta de conmemorar o centenario, o 17 de maio, da publicación de *Cantares gallegos* de Rosalía, creando o Día das Letras Galegas. A celebración foi moi ben acollida non só a nivel literario senón tamén nos ambientes populares. Tanto foi así que, rematada a ditadura, institucionalizouse e adquiriu carácter festivo desde 1991.

Xa foron moitas as figuras literarias que obtiveron este recoñecemento para o que cómpre que pasaran dez anos desde a morte do autor ou autora. Este ano correspóndelle a honra a Carlos Casares, escritor limiao que participou activamente na renovación da prosa galega coa Nova Narrativa nos anos 60 e que nos deleitou máis tarde coas súas novelas, escritas dun xeito máis tradicional pero cunha calidade e un dominio da técnica moito maior. Comprometido coa nosa lingua e a nosa cultura, desempeñou un papel fundamental tanto nas institucións como na popularización da literatura galega.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG-AA propón á Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

1. **O Goberno Municipal programará no mes de maio actividades conmemorativas das Letras Galegas e de promoción da lingua e da cultura galega, que inclúan a homenaxe ao escritor Carlos Casares.**
2. **O Concello da Pobra do Caramiñal apoiará as actividades e mobilizacións que teñan lugar convocadas por asociacións ou entidades relacionadas coa defensa da lingua e a cultura galega.**

A Pobra do Caramiñal, 16 de abril de 2017

Asdo.: M<sup>a</sup> Cristina Andrade González,  
Concelleira do G. M. do BNG

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL